

Plan director de automoción

2025-2027

Resumo executivo



XUNTA
DE GALICIA

An aerial photograph of a winding asphalt road with double yellow lines, curving through a dense forest. The forest is composed of various trees, some with vibrant yellow and orange foliage, suggesting autumn. The road is bordered by a white line on the outside. The overall scene is lush and green, with the road providing a clear path through the woods.

XUNTA
DE GALICIA

Editor
Consellería de Economía e Industria

Equipo técnico
KPMG

Santiago de Compostela, 2025


Plan director de automoción

2025-2027

Resumo executivo



XUNTA
DE GALICIA



Contidos

01	Estratexia global da política industrial en Galicia	7
02	Retos da industria galega	10
03	Cadea de valor da automoción	12
04	Magnitudes sectoriais	16
05	Evolución e tipoloxía das empresas	18
06	Proxectos estratéxicos	20
07	DAFO	22
08	Tendencias e proxección a futuro do sector da automoción	26
09	Previsións globais no mercado do sector da automoción	28
10	Obxectivos estratéxicos e criterios esenciais de intervención	29

11	Prioridades sectoriais	30
12	Plan de acción. Medidas e mecanismos para fortalecer a industria	35
13	Marco económico-financeiro e planificación	41
14	Sistema de gobernanza	42

Introdución

Este documento **constitúe o resumo executivo do Plan director da industria da automoción 2025-2027**, unha ferramenta de planificación que recolle os principais eixes estratéxicos, obxectivos e liñas de actuación definidas para orientar o desenvolvemento do sector nos próximos anos.

O plan nace coa vontade de **reforzar a competitividade da industria da automoción en Galicia**, impulsar o seu crecemento sustentable e consolidar a súa posición como un dos principais motores económicos da comunidade.

Neste documento sintetízase a **visión estratéxica** que guía o conxunto de actuacións previstas, estruturadas arredor de áreas clave como a innovación, a dixitalización, a sustentabilidade, a atracción e retención de talento, e o fortalecemento das cadeas de subministración.

A proposta recolle tamén as prioridades identificadas tras un proceso de análise e diálogo co sector, coa intención de dar resposta aos **desafíos actuais** e anticiparse ás transformacións que marcarán o futuro da mobilidade e da industria.

1. Estratexia global da política industrial en Galicia


A política industrial de Galicia combina a transición verde e dixital, o fortalecemento do tecido produtivo e a coordinación con outras políticas para impulsar a competitividade e a sustentabilidade.

Estas son as directrices e liñas xerais que marcan o rumbo das actuacións para o desenvolvemento industrial na comunidade:



Contexto actual: transición verde e dixital

A **transición verde e dixital** é clave para a **sustentabilidade da competitividade da industria galega**, aliñándose cos **obxectivos europeos e nacionais de descarbonización e modernización tecnolóxica**. Galicia aposta por fortalecer a innovación, a dixitalización e o uso de enerxías renovables para impulsar o seu tecido industrial.



Política industrial en Galicia

A **política industrial** en Galicia busca **fortalecer e modernizar o tecido produtivo**, mellorando a competitividade e promovendo un desenvolvemento sustentable. O marco estratéxico inclúe diversos plans e instrumentos, como os **plans directores sectoriais**, que definen medidas para impulsar os sectores estratéxicos clave da comunidade.




Outras políticas relacionadas

A política industrial en Galicia está estreitamente ligada ás políticas enerxética, económica e loxística, impulsando a **descarbonización, a economía circular e a competitividade** a través da eficiencia e a dixitalización. Estas estratexias están aliñadas co **Plan estratéxico de Galicia 2022-2030**, que establece as bases para un crecemento sustentable e resiliente na rexión.



As actuacións da Xunta de Galicia en materia de política industrial afectan de maneira transversal distintos instrumentos de planificación.

A continuación, analizaranse os **instrumentos adoptados pola Xunta** para apoiar e desenvolver o tecido industrial autonómico.




Plans directores sectoriais

Son ferramentas estratéxicas deseñadas para fomentar o desenvolvemento da actividade industrial en áreas estratéxicas para o tecido industrial da rexión, eliminando barreiras e promovendo a innovación e modernización das infraestruturas cun enfoque centrado nas persoas.



Mapa industrial

O mapa industrial de Galicia concíbese como un instrumento complementario aos plans directores sectoriais, que achegará información sobre as estruturas esenciais e necesarias para a súa planificación e desenvolvemento.




Outros instrumentos

Outros instrumentos de apoio á industria van dirixidos a axilizar proxectos industriais, facilitar o acceso a solo empresarial, reducir custos enerxéticos e reforzar a seguridade industrial, garantindo un desenvolvemento eficiente e sustentable do sector.

2. Retos da industria galega

A industria galega mostrou unha gran capacidade de resiliencia e adaptación nun contexto global marcado por inestabilidade económica, crise enerxética e esixencias medioambientais. A pesar diso, **conseguiu incrementar o VAB industrial, recuperar emprego e alcanzar cifras récord en exportacións.**

Agora, no marco da transición dixital e verde, **o reto é consolidar esta evolución e fortalecer a competitividade para posicionar Galicia como un polo de atracción de investimentos e proxectos industriais.** Deste modo, a posta en marcha dos plans directores debe ir orientada a acadar novos retos e obxectivos.





VAB industrial

O VAB industrial debe aumentar o seu peso estrutural e continuar cunha senda de evolución positiva que nos permita acadar o obxectivo do 20%.



Ocupación industrial

O principal reto en materia de ocupación industrial é seguir aumentando nos próximos anos, fomentando a incorporación das mulleres en ramas industriais fortemente masculinizadas.



Imaxe da industria

A mellora da imaxe da industria na sociedade será un estímulo para atraer man de obra, especialmente entre a mocidade.



Novas tecnoloxías

Mellorar a produtividade industrial require incorporar novas tecnoloxías, dixitalizar procesos e adaptarse aos novos requisitos do mercado laboral.



Internacionalización

O impulso da internacionalización vai permitir que se sigan acadando cifras récord nos próximos anos.



Fomento de novos proxectos

É fundamental fomentar un ecosistema industrial que facilite a implantación de novos proxectos e que proporcione as políticas públicas que promovan o impulso e a consolidación da industria galega.

3. Cadea de valor da automoción

O sector da automoción en Galicia destaca pola súa ampla e integrada cadea de valor, **consolidada arredor do Clúster de Automoción e Mobilidade de Galicia (Ceaga)**, que é o axente especificamente **dirixido a este sector** e que conforma un completo sistema colaborativo de innovación con **máis de 200 compañías**, ás que se suman as **máis de 80 startups** creadas no seo da **aceleradora Business Factory Auto & Mobility**. Ademais, entidades como ASIME, contribúen ao desenvolvemento do sector mediante iniciativas en formación, comercio exterior e innovación.

A cadea de valor da automoción galega **destaca polas súas capacidades de integración de sectores diversos**: desde a electrónica e TIC ata bens de equipo, metal, químico, téxtil, transporte, madeira..., pero tamén o sector servizos, como I+D+i, medio ambiente, loxística, etc.

A continuación, detállanse os elementos clave da cadea de valor do sector da automoción en Galicia:





Stellantis Vigo

É unha das principais plantas do grupo Stellantis e un **motor clave da economía galega**. Con máis de 60 anos de actividades, fabrica nove modelos para Citroën, Peugeot, Opel, Fiat e Toyota, incluíndo modelos eléctricos. A planta integra todo o proceso produtivo (embutición, ferraxe, pintura e montaxe) e conta cun persoal de 6.400 persoas. En 2023, foi a fábrica máis produtiva de España, con 531.732 vehículos ensamblados.

O Centro Tecnolóxico de Automoción de Galicia (CTAG)

Creado en 2002 por Ceaga e o Goberno galego e cun investimento de 25 millóns de euros, impulsa a competitividade do sector incorporando novas tecnoloxías e impulsando o desenvolvemento, a investigación e a innovación tecnolóxicos.






Rede de provedores

Inclúe fabricantes de compoñentes en grandes series e empresas da industria auxiliar (loxística, bens de equipos, moldistas, robótica, etc.), facendo de Galicia unha das cadeas de subministración máis completas de Europa. A transición dixital e ecolóxica impulsa a demanda de solucións tecnolóxicas, favorecendo a creación de máis de 80 startups a través de Business Factory Auto.

Empresas de mobilidade

A automoción evoluciona cara a un modelo de mobilidade intelixente, eléctrica, conectada e compartida, transformando a cadea de valor do sector. Isto impulsou a integración de novas compañías relacionadas coa mobilidade sustentable, ampliando o ecosistema industrial. Fabricantes e empresas de compoñentes pasaron a ofrecer servizos de mobilidade onde o vehículo eléctrico, conectado e autónomo é só unha das opcións. Nos últimos anos, a cadea de valor galega expandiuse para incluír empresas de mobilidade e da industria avanzada.



O conxunto desta potente cadea de valor conforma, polo tanto, un completo ecosistema colaborativo de innovación, onde máis do 50% das empresas son pemes.

Ademais, todo este conglomerado de compañías posibilita que na comunidade galega se poida fabricar o 70% do total dun vehículo.



4. Magnitudes sectoriais

As empresas do sector da automoción en Galicia son clave para o progreso económico e social da súa contorna. Constitúen un motor de innovación e coñecemento cunha gran capacidade tractora ao abranguer outras industrias (electrónica, química, metal, TIC, loxística, téxtil, etc.).


A continuación, preséntanse as principais cifras do sector da automoción en Galicia, a partir da información proporcionada desde Ceaga-PCAM 2030 (Plan de competitividade do ecosistema de automoción e mobilidade de Galicia).

Facturación

Actualmente, a facturación das empresas galegas do sector da automoción ascende a **13.000 millóns de euros en 2023 (17,2% sobre o total da economía galega).**

Esta cifra representa un récord de facturación desde 1997, ano en que Ceaga comezou a recompilar as magnitudes das súas empresas membro.

Porcentaxe de facturación do sector sobre o total da economía galega en 2023:



Cifras de facturación en 2023

13.000 M€


Exportacións

As exportacións do sector marcaron tamén o seu mellor dato histórico en 2023, con **9.400 millóns de euros**, o que supón un incremento do 14% con respecto a 2022. Esta cifra equivale ao **31,3% do total de exportación de Galicia**.


Cifras de exportación en 2023

9.400 M€

Porcentaxe de exportacións do sector sobre o total da economía galega en 2023:



Porcentaxe de emprego do sector sobre o emprego industrial galego en 2023:



Ocupación

No relativo á ocupación, en 31 de decembro de 2023, o sector conta con **24.800 empregos directos (14,8% sobre o emprego industrial)**, o que representa un aumento do 7% con respecto ao ano anterior.

Cifras de ocupación en 2023

24.800 empregos


5. Evolución e tipoloxía das empresas

Máis de 25 anos despois da súa creación, Ceaga aglutina practicamente todo o sector da automoción de Galicia, conformando un completo ecosistema colaborativo de innovación con **150 empresas membro de automoción e mobilidade, 14 entidades colaboradoras e ao redor de 80 startups** creadas no seo da Business Factory Auto.

En Ceaga concéntrase un dos ecosistemas de automoción e mobilidade máis completos de Europa.

O seguinte gráfico ilustra a evolución do número de **empresas membro de Ceaga**.

Evolución do número de empresas membro de Ceaga



Fonte: Ceaga - PCAM 2030 (Plan de competitividade do ecosistema de automoción e mobilidade de Galicia)

A continuación, móstrase a **tipoloxía de empresas membro de Ceaga** segundo o seu tamaño:

	GRANDE	MEDIANA	PEQUENA	MICRO
N.º empresas	60 empresas (42%)	17 empresas (12%)	47 empresas (33%)	19 empresas (13%)
N.º persoas empregadas	20.783	1.204	1.172	81
Facturación / Persoas empregadas	540.329 €	144.375 €	127.048 €	71.498 €

Fonte: Ceaga - PCAM 2030 (Plan de competitividade do ecosistema de automoción e mobilidade de Galicia)

6. Proxectos estratéxicos

1. Negociacións agrupadas

Destaca a negociación agrupada de electricidade, que se puxo en marcha en 2003 con seis compañías, polo seu alto nivel de excelencia (100%), segundo os criterios da ESCA.

- **Electricidade: 100 empresas**
- **Telefonía móbil e fixa: 84 empresas**
- **Gas canalizado: 24 empresas**
- **Material de oficina: 68 empresas**
- **Servizo custo-copia multifunción: 37 empresas**
- **Viaxes: 37 empresas**

2. Programas de formación estratéxicos

A continuación, destácanse catro programas formativos estratéxicos organizados por Ceaga e que seguen impartíndose na actualidade:

- **Plan de desenvolvemento de expertos Lean**
 - 420 profesionais formados
 - 47 empresas
 - 270 sesións
 - 370 proxectos Lean finalizados e auditados con éxito
- **Programa Team Leader Lean**
 - 249 profesionais formados
 - 41 empresas
- **Programa Desenvolvemento Directivo "Liderado Transformador"**
- **Programa "Xeración Dixital Pemes-Auto". Edición Ceaga**

3. Plan de apoio ao emprendemento (Business Factory Auto & Mobility)

Iniciativa que naceu en 2016. Posibilitou a creación de 80 *startups*, cunha facturación que alcanzou ao peche de 2024 os 119 millóns de euros e máis de 720 empregos.

4. Plataforma de innovación aberta de Ceaga

Puxéronse en marcha 11 proxectos nos últimos dous anos, coa participación de máis de 80 entidades e a mobilización de 6 millóns de euros.

5. Observatorio de competitividade/Proxecto BenchManager

Actualmente, participan 24 empresas que reciben un informe anual estruturado, individualizado e valorado no cal se analiza a súa posición competitiva. Este proxecto conta cun nivel de excelencia do 90%.

6. Proxecto piloto de atracción de talento

Dentro do marco deste plan, lanzouse o Talent Race, un proxecto que pretende atraer talento de universidades e centros de formación profesional ás empresas do Clúster.

7. DIHGIGAL, o Digital Innovation Hub

A súa misión é impulsar a transformación dixital da industria de Galicia actuando de conexión entre a oferta e a demanda tecnolóxicas.

7. DAFO

Debilidades (-) | Factores internos

1. Escaseza de persoal con talento para incorporarse ao sector.
2. Perda de reputación. Marca AUTOMOCIÓN débil.
3. Empresas locais de dimensión e alcance reducidos.
4. Débil capacidade de innovación de produto ou pouco xeneralizada.
5. Escaseza de empresas con solución no ámbito do vehículo conectado e autónomo.
6. Escaseza de empresas no ámbito de servizos de mobilidade.
7. Aumento xeneralizado de custos e alta competencia con Portugal, Marrocos, Turquía e China.
8. Déficit de infraestruturas clave para o desenvolvemento do sector.
9. Dificultade para atraer investimentos.





Fortalezas (+) | Factores internos

1. Galicia conta cun gran número de plantas multinacionais de referencia mundial.
2. Presenza de compañías con sede en Galicia cun forte posicionamento no mercado internacional.
3. Localización de Galicia na fachada atlántica con boas conexións.
4. Presenza dun Clúster, Ceaga, de referencia na UE.
5. Polo industrial moi completo.
6. Implicación da Administración no desenvolvemento do sector.
7. Normativa que permite unha implantación moi áxil de proxectos industriais.
8. Forte cultura de cooperación sectorial desenvolvida ao longo dos anos.

Ameazas (-) | Factores externos

1. Entrada masiva en Europa de vehículos eléctricos procedentes da China.
2. Alta competencia de plantas marroquís e portuguesas.
3. Posible reducción de emprego.
4. Empeoramento do clima laboral ante o contexto actual de incerteza.
5. Incerteza ante a inclusión da intelixencia artificial nos procesos industriais.
6. Aumento das políticas corporativas OEM.
7. Posible perda de capacidade de decisión de Galicia.
8. Insuficiente diferenciación e falta de capacidades propias en áreas de crecemento.
9. O impacto da pegada de carbono pode favorecer os provedores de proximidade de fóra de Galicia.
10. Incerteza socioeconómica xerada por eventos inesperados de carácter global.
11. Orografía galega accidentada e montañosa.
12. Tendencia ao envellecemento da poboación.
13. Incerteza no contexto normativo.
14. Incerteza regulamentaria e, en especial, sobre o vehículo eléctrico.





Oportunidades (+) | Factores externos

1. Ampliación da cadea de valor.
2. Existencia en España de OEM especializados no vehículo eléctrico.
3. Novas oportunidades en redes de carga e servizos de mobilidade.
4. Novas figuras de creación de solo empresarial.
5. Integración de pezas actuais metálicas ou plásticas con electrónica.
6. Novos segmentos de mercado.
7. Apoio da Administración autonómica para garantir a supervivencia do sector.
8. Aumento dos aranceis á importación de vehículos e compoñentes desde China.
9. O impacto da pegada de carbono pode favorecer as compras dentro da comunidade autónoma.
10. Que a UE permita fabricar vehículos de combustión con *e-fuels* ou biodiésel máis aló de 2035.
11. Aposta de Galicia polo aproveitamento dos recursos naturais.


8. Tendencias e proxección a futuro do sector da automoción




Futuro incerto



Batalla pola escaseza de persoal con talento



Industria 5.0



Perda de competitividade de Europa




Novos modelos de negocio



Cambios demográficos e en tendencias de consumo






**Concepción integral
da loxística na cadea
de valor**



**Aceleración
transformación dixital**





**Crise na cadea de
subministración**



**Electrificación da
mobilidade +
vehículos ACES**

Crise enerxética


**Neutralidade
climática**




9. Previsións globais no mercado do sector da automoción

Producción de vehículos lixeiros (en millóns de unidades)


No mundo:



En Europa:



En España:



Á hora de establecer as **prioridades sectoriais**, tamén é necesario ter en conta as previsións na **evolución do mercado de automóviles**, tanto no eido nacional como europeo e mundial.

O aumento ou diminución da produción afectará de maneira inevitable á actividade de toda a cadea de valor, máis aínda cando o **40,5% das vendas do sector de compoñentes galego son exportacións**.

A pesar da previsión de descenso, S&P Global estima que a **producción mundial de vehículos baixará un 0,4% en 2024**, ata **90 millóns de unidades**, pero crecerá a partir de 2025. En Europa, manterase estable en 17,5 millóns ata 2027, con España como segundo produtor tras Alemaña. Non obstante, en España a **producción caerá un 8,7% en 2025**, situándose en 2,1 millóns de vehículos.

Fonte: estimacións de S&P Global

10. Obxectivos estratéxicos e criterios esenciais de intervención

“O obxectivo xeral do plan director é **potenciar e fortalecer o desenvolvemento da actividade industrial no sector** para consolidalo como unha cadea de valor competitiva no ámbito internacional, a través da innovación, a dixitalización e a sustentabilidade co fin de xerar alto valor engadido e empregos estables de calidade.”

Este obxectivo xeral desprégase en **dous obxectivos estratéxicos, cinco eixes e sete ámbitos de prioridades** que aparecen recollidos na seguinte ilustración:

Obxectivos estratéxicos

OE1.
Impulsar e consolidar a industria galega aumentando a súa produtividade e competitividade

OE2.
Reforzar o ecosistema industrial

Eixes

Eixe 1
Industria galega produtiva, sustentable e exportadora

Eixe 2
Competitividade sectorial e consolidación de proxectos

Eixe 3
Persoas

Eixe 4
Mellora de infraestruturas e promoción do solo industrial

Eixe 5
Nova gobernanza

Ámbitos de prioridades

P.1 Internacionalización
P.2 Dixitalización
P.3 Sustentabilidade

P.4 Competitividade e innovación
P.5 Investimento

P.6 Persoas
P.7 Infraestrutura e solo industrial

11. Prioridades sectoriais

Partindo do contexto da situación actual do sector, plasmada no Plan de competitividade do ecosistema de automoción e mobilidade de Galicia visión 2030, identificáronse **sete prioridades sectoriais que impactarán de forma clave nas empresas** e que é imprescindible ter en conta para deseñar as liñas que debe recoller o Plan director de automoción.



Internacionalización

A internacionalización é clave para o sector da automoción en Galicia, permitindo **expandir mercados, diversificar riscos e impulsar o crecemento**. Con todo, require unha análise detallada e adaptación ás condicións locais. A expansión de provedores debe abordarse cun dobre enfoque: **aproveitar oportunidades en mercados como Marrocos, Exipto ou Alxeria**, e evitar que competidores ocupen ese espazo e acaben exportando a Galicia.

Dixitalización

A automoción **evoluciona cara á electrificación, conducción autónoma e dixitalización**, sendo **clave a adaptación tecnolóxica e a modernización da cadea de valor**. Galicia debe impulsar unha **transformación innovadora e sustentable**, integrando tecnoloxías avanzadas e fortalecendo a colaboración público-privada. O obxectivo é revitalizar o sector para manter a súa competitividade nun mercado en constante cambio.

A estas dúas primeiras prioridades estratéxicas súmanse outras áreas clave que reforzan o camiño cara a unha **automoción máis sustentable, competitiva e preparada para o futuro**. Neste sentido, a **sustentabilidade** e a **innovación** convértense en **piares fundamentais** para garantir a **adaptación do sector** aos novos retos e oportunidades.



Sustentabilidade

A sustentabilidade é clave para o futuro da automoción en Galicia, impulsando a **descarbonización**, a **economía circular** e as **green factories** para cumprir normativas ambientais. A transición cara a vehículos de cero emisións e o **reforzo da ciberseguridade** son retos prioritarios. O sector debe adoptar prácticas sustentables a curto prazo para **garantir a súa competitividade e neutralidade climática en 2050**.

Competitividade e innovación

A automoción galega afronta retos como a electrificación e a competencia global, pero tamén conta con oportunidades en innovación, sustentabilidade e talento. A innovación é esencial para manter a competitividade e require colaboración, investimento e proxectos de I+D. Potenciar esta área permitirá atraer investimentos e consolidar o sector. As prioridades en competitividade estrutúranse en cinco ámbitos: **innovación aberta, excelencia operativa, electrificación, mobilidade e fortalecemento do clúster**.

Para completar as prioridades do plan, tamén é fundamental **favorecer a chegada de investimentos** que impulsen proxectos tractores e **coidar as persoas** que forman parte do sector. Neste sentido, as seguintes áreas poñen o foco nos **recursos económicos** e no **talento humano** como elementos esenciais para garantir o futuro da automoción en Galicia.




Investimentos

Galicia, cunha sólida tradición automobilística, debe reforzar o seu posicionamento nun mercado global altamente competitivo. Para atraer investimentos, é clave **potenciar as súas fortalezas en produción, innovación e formación**, ademais de **identificar nichos de mercado e establecer alianzas estratéxicas**. A modernización do sector, xunto con infraestruturas adecuadas, talento cualificado e axilidade administrativa, será esencial para consolidar Galicia como un referente na automoción internacional.

Persoas

A xestión de talento é clave na automoción galega, pero o sector enfróntase a unha escaseza de profesionais cualificados e a unha perda de atractivo para a mocidade. A transformación cara ao vehículo do futuro tamén modificará ou reducirá certos postos de traballo. Para garantir a competitividade, **é esencial revitalizar o interese polo sector e adaptar a forza laboral aos novos retos**, facendo da **xestión das persoas un eixe central no Plan director de automoción**.

Para acompañar o crecemento e a transformación do sector, tamén é preciso contar cunha **base física axeitada**. Dispoñer de **solo industrial suficiente e ben conectado**, así como de **infraestruturas modernas e eficientes**, resulta clave para facilitar a implantación de novas iniciativas e mellorar a competitividade das empresas.



Solo e infraestruturas

A eficiencia da cadea de subministración é clave para a competitividade da automoción en Galicia. A rexión conta con **portos internacionais, tres aeroportos** e unha **ampla rede viaria e ferroviaria**, pero require melloras para optimizar a mobilidade de materias primas e produtos, reducindo custos e impulsando as exportacións. O desenvolvemento ferroviario é urxente para **reducir a dependencia do transporte marítimo e terrestre**, afectado polas normativas ambientais. Ademais, é fundamental **fortalecer o solo industrial, mellorar as infraestruturas viarias** e dotar de **servizos adecuados as áreas loxísticas**, garantindo redes enerxéticas e de telecomunicacións eficientes.


Estas sete áreas temáticas que acabamos de enumerar engloban as principais necesidades do sector, e serven como base para que a Xunta de Galicia poida poñer en práctica plans de acción con medidas e mecanismos para facer fronte a estas prioridades que o sector da automoción pon de manifesto.



12. Plan de acción. Medidas e mecanismos para fortalecer a industria

A Xunta de Galicia, comprometida co fortalecemento do sector da automoción, **puxo en marcha unha serie de medidas e programas para responder ás necesidades prioritarias identificadas**. Estas accións abranguen desde o impulso da innovación e a dixitalización ata a mellora da formación e a promoción da sustentabilidade.

Neste apartado, detallaranse as medidas dispoñibles, organizadas segundo os eixes estratéxicos do plan, promovendo unha visión clara das iniciativas en marcha e das previstas para o futuro, así como unha resposta coordinada e eficaz ás demandas do sector.



Eixe 1: Industria galega produtiva, sustentable e exportadora

Céntrase en facer da industria galega un sector máis produtivo, sustentable e exportador, a través de 3 prioridades —**internacionalización, dixitalización e sustentabilidade**— e 17 medidas concretas orientadas a mellorar a competitividade, a eficiencia enerxética e a transformación dixital.

Eixe 2: Competitividade sectorial e consolidación de proxectos

Busca reforzar a **competitividade do sector** e consolidar proxectos a través de 2 **prioridades principais** —**competitividade e innovación, e investimentos**—; recolle un total de **18 medidas** centradas no apoio ao emprendemento, a mellora de servizos, a innovación colaborativa, o financiamento e a atracción de investimentos estratéxicos.

Eixe 3: Persoas

Pon o foco nas **persoas** como eixe central da transformación do sector. A través dunha única prioridade estratéxica, recóllense **18 medidas** orientadas á **captación de talento**, a **mellora da conexión entre industria e formación**, o reforzo dos **recursos humanos** e a resposta ás necesidades de cualificación do sector.



Eixe 4: Infraestrutura e solo industrial

Céntrase na mellora das condicións físicas para o desenvolvemento industrial, a través dunha única prioridade dedicada á **infraestrutura e solo industrial**. Recóllense **4 medidas** dirixidas á **planificación e promoción de novo solo** e á **mellora das infraestruturas existentes** nos parques empresariais.



Eixe 5: Nova gobernanza

Aposta por unha **nova gobernanza** que garanta a implementación efectiva do plan. Recolle **10 medidas** centradas na **coordinación e seguimento**, a **avaliación das actuacións**, a definición de **criterios de intervención** e unha estratexia clara de **comunicación e difusión**, co obxectivo de asegurar unha xestión eficiente, transparente e orientada a resultados.



Eixe 1: Industria galega produtiva, sustentable e exportadora

Prioridade 1. Internacionalización



Información e asistencia técnica

Apoio ao sector para coñecer mercados destino e detectar oportunidades a través de oficinas especializadas, redes de bolseiros e servizos de asesoramento e acompañamento á internacionalización.

Promoción

Apoio á participación en feiras, misións comerciais e plataformas dixitais para impulsar a internacionalización.

Prioridade 2. Dixitalización



Sensibilización

Organización de xornadas e encontros B2B para fomentar colaboracións, compartir experiencias e impulsar proxectos clave como o vehículo ACES.

Proxectos e servizos de dixitalización

Impulso á dixitalización, especialmente na loxística, mediante programas de I+D+i.

Prioridade 3. Sustentabilidade



Sensibilización á sustentabilidade

Intercambio de boas prácticas en economía circular e xestión de residuos mediante obradoiros especializados.

Optimización de consumo enerxético

Apoio a proxectos de aforro e eficiencia enerxética, cumprimento de criterios ASG e contratación agrupada de enerxía.

Impulso ao autoconsumo

Apoio a proxectos de enerxías renovables, financiamento e comunidades enerxéticas.

Eixe 2: Competitividade sectorial e consolidación de proxectos

Prioridade 4. Competitividade e innovación



Punto de acollida centralizado

A Oficina Económica de Galicia facilita e axiliza a implantación e o desenvolvemento de proxectos empresariais, ofrecendo un amplo catálogo de servizos.

Reforzo de clústeres

Fortalecemento do papel dos clústeres como organismos de cohesión e interlocutores co sector, con apoio do IGAPE.

Fomentar capacidades de organismos de investigación

Impulso á cooperación entre organismos de investigación e industria, incluíndo a creación dunha rede de laboratorios para a ciberseguridade na automoción.

Emprendemento innovador

Continuidade de programas de apoio a *startups* e proxectos escalables.

Proxectos de innovación colaborativa

A cooperación entre pemes e grandes empresas é fundamental para manter a competitividade do sector, impulsando a innovación, o desenvolvemento tecnolóxico e a especialización intelixente.

Servizos de mellora competitiva

Programas que permitan executar proxectos en distintos ámbitos funcionais, o que incide na mellora da competitividade das pemes.

Prioridade 5. Investimentos



Financiamento

Apoio ao acceso a préstamos e garantías para investimentos produtivos, captación de solo e desenvolvemento da nova mobilidade.

Galicia, polo de atracción de investimento

Estratexia para fortalecer a captación de investimentos a través da Oficina Económica de Galicia, o Plan de Impulso Industrial, os proxectos industriais estratéxicos e incentivos como solo industrial gratuíto e liñas de axudas específicas.

Eixe 3: Persoas

Prioridade 6. Persoas



Captación sectorial

Programas para mellorar a cualificación (*upskilling*) e reciclaxe (*reskilling*), incluíndo formación subvencionada, bonos talento empresa e microformacións a demanda, así como apoio a traballadores afectados por crises empresariais e formación directiva a través do convenio Capacita.

Conexión industria-formación

A adecuación da FP ás necesidades do sector mediante formación dual, plans formativos e estadías formativas para profesorado, ademais da ferramenta EMI para sincronización de oferta e demanda laboral mediante IA.

Atracción de talento

Impulso da incorporación de estudantes ás empresas, destacando o Programa de doutoramentos industriais para a realización de teses en contornos empresariais.

Recursos humanos

Promoción de boas prácticas en igualdade e beneficios sociais a través do Programa de axudas para igualdade laboral, conciliación e RSE.

Eixe 4: Mellora das infraestruturas e promoción do solo industrial

Prioridade 7. Infraestrutura e solo industrial



Planificación e promoción de solo industrial

A mellora da información e acceso a solo competitivo, incluíndo dereito de superficie con oito anos gratuítos en parcelas de Xestur.

Mellora das infraestruturas de parques empresariais existentes

Axudas específicas para optimizar infraestruturas industriais existentes.

Eixe 5: Nova gobernanza



Coordinación e seguimento

A colaboración entre Administración, sector privado e axentes sociais para a posta en marcha dos plans directores.

Avaliación

Seguimento continuo mediante indicadores do mapa industrial e informe bianual de impacto.

Criterios de intervención

Apoio a proxectos industriais segundo investimento e emprego, promoción da igualdade, mellora da seguridade industrial e prevención de riscos laborais.

Comunicación e difusión

Presentación sectorial e publicación dos plans directores, garantindo coordinación institucional e transparencia.

13. Marco económico-financeiro e planificación

O marco económico-financeiro e planificación do plan director establece as **bases financeiras e organizativas para a posta en marcha de diversas medidas destinadas a impulsar a economía** e a competitividade industrial en Galicia.

Tendo en conta que as contías finais correspondentes ás anualidades 2026 e 2027, unha vez que se concreten para os vindeiros anos, con gran probabilidade serán unha orde de magnitude similar ás do ano 2025, pódese estimar que a dotación total dedicada pola Xunta de Galicia á execución das medidas incluídas no Plan director da automoción para desenvolver nas anualidades 2025-2027 **ascenderán a uns 135 millóns de euros**, aos que deben **engadirse os 50 millóns de euros previstos para as convocatorias extraordinarias de axudas previstas para o período 2025-2026**, totalizando un apoio público de 185 millóns de euros.

Orzamento confirmado e proxectado para o período 2025-2027



Orzamento 2025

58,79 M€

44,79 M€ + 14 M€*

Dotación confirmada 2025-2027

127,72 M€

77,72 M€ + 50 M€*

Proxección 2025-2027

≈ 185 M€

(Dotación 2025*3) + 50 M€*

* Convocatorias extraordinarias de axudas previstas para o período 2025-2026

14. Sistema de gobernanza

O sistema de gobernanza **garante a execución do plan director**, coordinando entidades responsables e axentes económicos. A Consellería de Economía e Industria lidera a dinamización do sector, promovendo **competitividade, desenvolvemento tecnolóxico e sustentabilidade**. Ademais, xestiona o financiamento, o solo industrial e a regulación, asegurando un contorno favorable para o crecemento e a eficiencia da automoción en Galicia.

Dirección e liderado do plan

A **Secretaría Xeral de Industria e Desenvolvemento Enerxético (SXIDE)** desempeña un papel fundamental na dirección, coordinación e impulso das actuacións de política industrial desenvolvidas desde a Dirección Xeral de Estratexia Industrial e Solo Empresarial (DXEISE). A **DXEISE liderará esta actuación**, coordinando o traballo que van realizar as distintas entidades implicadas e asegurando o seguimento e a avaliación do plan de acción.

Xestión e coordinación

A xestión e coordinación do plan director estará a cargo dun **grupo de traballo liderado pola DXEISE** e integrado por **representantes dos distintos departamentos da Xunta** con competencia na materia. Reunirase anualmente e de forma extraordinaria cando sexa necesario para **avaliar a evolución do plan e coordinar as políticas públicas**.

Participación de axentes

Durante a execución do plan director, elaboraranse **informes bianuais de resultados**, que serán presentados ante as comisións sectoriais, a Mesa de Diálogo Social e o Consello Galego de Economía e Competitividade, fomentando a **colaboración público-privada** e a participación do tecido produtivo.

Constitución da Comisión Sectorial de Automoción

Estas **comisións** estarán integradas por persoal da **DXEISE e representantes do clúster** de referencia, podendo contar coa participación de entidades, empresas do sector e, se fose necesario, **representantes dos grupos de traballo da Xunta** con competencia na materia.

Avaliación dos resultados das medidas

Este plan vai contar cun **sistema de seguimento continuo** partindo da avaliación de fontes estatísticas oficiais e da información cualitativa transmitida desde o tecido produtivo.

Resumo

Este **resumo executivo** recolle os principais elementos do **Plan director da industria da automoción de Galicia 2025-2027**, estruturado en **cinco eixes estratéxicos** e sete prioridades que dan forma a máis de **sesenta medidas**. Todas elas están orientadas a reforzar a competitividade do sector, **garantir un crecemento sustentable e consolidar o seu papel como motor económico** da comunidade.

O plan establece unha **folla de ruta clara, realista e consensuada**, que senta as bases para **anticiparse aos retos do futuro, fortalecer o ecosistema industrial galego e acompañar a transformación da automoción** nun contexto global marcado pola **dixitalización, a transición ecolóxica e os cambios nos modelos de mobilidade**.



XUNTA
DE GALICIA

CONSELLERÍA
DE ECONOMÍA
E INDUSTRIA